

II CONVENIO COLECTIVO

COMUNICADO

As seccións sindicais do persoal laboral de administración e servizos da CIG e CCOO,

INFORMAN

O pasado 16 de setembro, logo de nove reunións da Comisión negociadora do II Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo dende a súa constitución o 22 de abril pasado, a Xerencia entregounos unha proposta de texto articulado como resultado das negociacións previas. Para estudar e confrontar as propostas sindicais e a da Xerencia, decidimos na última reunión crear unha comisión de traballo co obxectivo de acercar posicións, desbrozar o texto e levar a Comisión negociadora o resultado dese traballo.

Como resultado e durante o proceso de negociación, téñense producido algúns feitos dos que vos informamos.

Ámbito de aplicación subxectiva. Constituíuse unha comisión negociadora entre as universidades públicas galegas e os sindicatos C.I.G, CC.OO. e U.G.T. para a negociación dun convenio para o persoal docente e investigador con contrato laboral. Esta medida, coa posibilidade de extensión de todo ou parte do noso convenio a traballadores e traballadoras que hoxe non o teñen, permitirá que o remate da negociación todo o persoal laboral da Universidade de Vigo estea no ámbito dun ou outro convenio.

Homologación do PAS. Proponse establecer un acordo entre a Xerencia e a representación do persoal funcionario e laboral para que teñamos unha regulación común ou homologable nas seguintes materias: vacacións, permisos e licenzas, formación e perfeccionamento, acción social, incompatibilidades, prevención de riscos e seguridade e saúde laboral. Procurarase ademais, a máxima aproximación no réxime aplicable en materia de suspensión de contratos e excedenzas, e no réxime disciplinario.

Retribucións. A Xerencia propón unha homoxeneización retributiva do PAS funcionario. Cando nos faga a proposta de táboa salarial, moi probablemente, teremos visións distintas sobre esta materia tan determinante.

Cadro de persoal (R.P.T.). Sendo destinatario do Convenio o persoal laboral de administración e servizos, témoslle reiterado á Xerencia a necesidade de estudar e negociar a R.P.T. para coñecer como lle afecta ao persoal os acordos que nel se reflictan relacionados coa organización do traballo, provisión de postos, xornada, retribucións, etc. Tamén é preciso negociar a incorporación ao cadro de persoal dos postos de nova creación como consecuencia de apertura de novas instalacións e daqueles outros correspondentes a áreas, oficinas e servizos que o tempo ven demostrando o seu carácter estrutural pola sucesión da súa contratación con financiamento externo.

Vigo, 26 de setembro de 2005.